

A lingua de Adán

Xavier Seoane

Formas de citación recomendadas

1 | Por referencia a esta publicación electrónica*

SEOANE, XAVIER (2011 [2003]). “A lingua de Adán”. *Grial*: 157, 80-87.

Reedición en *poesiagalega.org*. *Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*. <<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/1353>>.

2 | Por referencia á publicación orixinal

SEOANE, XAVIER (2003). “A lingua de Adán”. *Grial*: 157, 80-87.


* Edición dispoñíbel desde o 7 de novembro de 2011 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

A lingua de Adán

XAVIER SEOANE

*Nos tempos sombríos
¿tamén se cantará?
Tamén se cantará
nos tempos sombríos.*
BERTOLT BRECHT

*Só a eterna insaciabilidade
dos poetas pode saciar a
literatura.*
S. J. LEC



Oscar Wilde dicía que en arte non existen verdades absolutas, que “unha verdade en arte é aquilo o contrario do cal é igualmente verdade”. Por iso, un pouco á maneira de flashes, ou de reflexións ailladas, ou, incluso, nalgún caso, de aforismos, aquí fican, mallarmeamente, unha serie de ideas, ou intuicións, ou dúbidas e interrogantes, que poidan propiciar o diálogo e o encontro de experiencias. Na poesía hai moito de inexplicable, e sobre todo unha inesgotábel fecundidade fenoménica. Incluso, o propio poeta, ao longo da súa traxectoria, pode chegar a defender ideas diversas sobre a poesía, ou practicar diferentes estéticas, ou valorar miradas poéticas de creadores que despreciou ou non lle interesaron tan vivamente noutra época. Na poesía non hai nada estático. É unha realidade en fecundo movemento, unha chamada á que cada poeta, en cada momento, dá a resposta que lle demanda a súa necesidade de dicir e de ser. Xa dicía René Char que a poesía vive de insomnio perpetuo.

Fronte á existencia dun home unidimensional, cómpre reivindicar a evidencia dun home plural: *ludens, faber, sapiens*... Científico e técnico, si, pero tamén filosófico e estético. Un home, ademais, dalgunha maneira, *poiético*, que sente, pensa, crea e soña a un tempo. Sen algo de demencia, como sostén Edgar Morin, careceremos da cordura necesaria para vivir, sentir, ser

plenamente. A razón ha de estar acompañada pola emoción, a mente analítica polas verdades do corazón e da sensibilidade, o raciocinio polo instinto... Así pois, fronte ao home tantas veces restrictivo e unidimensional do tempo presente, se cadra precisamos como nunca a aberta policromía e a resoante polifonía da palabra poética.

A soa Razón, en calquera das súas formas —discursiva, analítica, cognitiva, productiva, instrumental...— non é a única facultade que acadou o xurdimento da verticalidade do ser humano. Nin o seu único instrumento de coñecemento. Nin a súa única vía á felicidade. Nin o único instrumento para a aprehensión do real. A poesía é un dos ámbitos esenciais, de máis contundente e extrema porosidade, para a plena captación e a complexa vivencialidade do mundo real.

Cántas veces, ao pensar na poesía, acode á mente a mallarmeana tirada de dados que non abolirá o azar. Ou o dado redondo e incesante de Joan Brossa. Ou a lámpada sobre a que escribiu a palabra “poema” con vocación iluminadora. Ou un poliedro irreal que a xeometría descoñece e é como un verdadeiro *aleph*, unha *imago mundi* que abrangue misterio e claridade, realidade e soño.

A poesía é plenitude de conciencia, ontolóxica inmanencia do real máis pleno. Descubre a

face, pero tamén o envés. Desvela o presentido, crea un aura de soño para o máis evidente. Revelación da luz que se apenumbra e da opacidade que amañece.

A poesía é un enigma. Unha presenza dificilmente asíbel e moito menos conceptualizábel. Por iso tanto lle pode acaír como símbolo a rosa azul de Novalis ou a espada desenvaiñada de Shelley, o rouxiñol de Keats ou a rosa perfecta e inmarcesíbel de Juan Ramón Jiménez ou de Borges, o po namorado e a palabra incendiada de don Francisco de Quevedo ou o comezo do terríbel en que encarnaba a deslumbrante e misteriosa beleza de Rilke na primeira elexía do Duino.

Non sabemos o que é a poesía. Nunca o saberemos. Só a definiremos imperfectamente. A poesía é unha das formas privilexiadas nas que se amosa o gran misterio do mundo e da vida. Todos os homes posúen o alento e a vivencia do poético. A todos lles foi outorgado ese don sutil, a dádiva desa, quizais, inefábel, rara, cruel, pura inocencia. Algúns agóchanos neles. Mais outros intentan aprehendelo e, facéndoo propio, transmitilo, dándolle aos outros. Son os pintores, músicos, narradores, arquitectos, bailaríns, oleiros, escritores, poetas... Por diversas vías, tratan de apreixar ese talismán, esa auga misteriosa. Conségueno, ás veces, por teimosía e azar, por vehemencia e lucidez, na procura e sorte ou don dun encontro sorprendente.

¿Poderían valer, os versos de Ángel González dedicados a Claudio Rodríguez, como unha posíbel definición do poeta?:

*Ser o espía, o delator do mundo
nas súas formas máis libres e máis puras.*

É dicir, o vixiante, o fareiro, o home da vixilia e da atalaia, da perscrutación namorada e incesante. O revelador, a través dunha maxia núa e secretamente verbal.

A verdadeira viaxe do poeta: incursión no exterior para recrealo logo no interior. Xa que toda gran poesía rezuma, entre outras virtuais emanacións, coñecemento e sabedoría. Pois poucas viaxes existen tan fondas na percepción, comprensión e expresión das cousas verdadeiramente relevantes e transcendentales da vida.

Revelación e despertar. Iso é a poesía. Aínda que latexe no poeta a lúcida —e esgazada— consciencia de que, como sostén Juan Gelman, “nomear a bolboreta non a fai voar”.

Mais, aínda así, todo gran poeta tenta ese cerco ao infinito, ao imposíbel. E viaxa á procura da verdadeira razón da poesía: nomear o esencial. Por cativo que sexa, area, gran, respiro, instante, nada. A balastrada da brisa en

XAVIER SEOANE é autor dunha extensa obra, recollida recentemente no volume *Don do horizonte. Obra poética (1976-1998)*.

Gañador dos premios Cidade da Coruña, Esquíu e, en 2002, o Caixanova de Poesía por *Dársenas do ocaso*. Foi un dos membros fundadores da emblemática revista *Luzes de Galiza*. O seu interese polas artes plásticas callaría en obras de tipo ensaístico como *Reto ou rendición* (1994). *Atravesar o espello* (1999) e *O sol de Homero* (2001) son as súas últimas obras.



San Juan de la Cruz

Ungaretti ou a carretilla mollada en William Carlos Williams. Pois non existe nada que se poida tachar de inesencial para quen aspira a revelar na súa plena dimensión a esencia do real.

O poeta, para ser verdadeiro espía e revelador dun certo mundo poético, por pequeno que sexa, ha de miralo de maneira singularizada e persoal. Por iso Tennyson recomendaba: “¡Vai ao teu e crea ao teu gosto!”

A poesía, para Shelley, é a un tempo a raíz e a flor de todos os demais sistemas de coñecemento: todo abrolla dela, e ela todo o adorna e enfeita. A poesía, segundo el, levanta o veo que cobre a beleza oculta do mundo e faino aparecer como recién creado aos nosos ollos. Fortalece o órgano da natureza moral. Desperta e amplía a mente. Potencia a imaxinación. Crea de novo o universo. Transmuta ao home.

A poesía, ademais dunha arte de vivir, é un fluído, unha enerxía. Combate a afasia que sobre o home proxectan a continxencia, o inefábel e o descoñecido. A súa sístole e diástole vai da bioloxía á cosmogonía, da cotianidade ao mito. Contribúe a crear o hálito, o aura que coroan a vida. Crea epifanía física e psíquica.

A poesía é un acto de xenerosidade co mundo e coa vida. Sen o alento do poético fecundando a existencia, esta perde encanto, esencia, profundidade. Hai unha emanación, e imantación, subxacente ao sentimento poético do mundo e da vida. A plenitude do ser recreándose en si. Cando o individuo, ou a sociedade, carecen da súa porosidade, o mundo é máis plano. Porque por moi humilde que sexa a poesía non hai ámbito da realidade que non poida traspasar.

Tanto a dimensión social como individual da poesía irían unidas —como sostén Mallarmé, nunha coñecida carta— ao deber do poeta de dar unha “explicación órfica da terra”. Cada poema é como un dobre do universo, na afirmación de Octavio Paz, como un acto de desciframento para logo “cifralo de novo”.

A palabra poética traballa no ámbito da totalidade do verbal. A poesía é, incluso, susceptible de ir para alén da palabra, da sintaxe, da gramática, chegando a desbordar a lóxica común á procura da “lóxica superior” que para a poesía invocaba Novalis. A final, quizais todo é símbolo e analoxía, como dicía Goethe no *Fausto*.

Na viaxe de aprehensión da totalidade verbal do mundo, nunca o poeta pode esquecer a transcendencia do seu instrumento: a palabra. Sostíña R. W. Emerson que “a linguaxe é poesía fosilizada”, querendo significar que a lin-

guaxe vai perdendo, no seu trafego cotián, a súa escintilante capacidade de descubrimento e revelación. Por iso, xa que “á corrupción do home séguelle a corrupción da linguaxe”, segundo o sabio americano, a poesía ha de facerse nova como a espuma e vella como a rocha para acadar o novo milagro de reimantar, reinventando, a substancia verbal. Reimantación que ha de loitar sempre cos límites da linguaxe, coas esixencias da gramática. Porque ningunha gramática pode conter, nin moito menos reter, como tamén nos lembra o sempre lúcido Juan Ramón Jiménez, unha poesía, un idioma.

A poesía é, en moitos dos seus mellores momentos, a lingua de Adán. Devolve ao home caído, alomenos durante uns instantes, a un metafórico paraíso perdido e recobrado. Mais tamén, futuribelmente, é un dicir de profecía, pois proxecta a plenitude da utopía e da esperanza. Aínda que sexan ilusorios ese Retorno e esa Profecía, o seu chamamento grávase no corazón do home como un petroglifo ardente e imposible.

O significado, a vida e o alento do poema están no poema. Cando a interpretación remata, o crítico ou o esexeta deben facer mutis. O enfrontamento coa poesía, como coas outras artes, é persoal e intransferíbel. Cada lector ten que poñer da súa parte o que o poema lle esixe: apertura, consciencia, sentidos, sentimento, sensibilidade... Paixón de ser e de vivir pola palabra aberta e incesante.

Todo gran poema é inesgotábel. O bo poema é un manancial. Sempre dá xenerosa —e nunca a mesma— auga. Se nunca é posíbel acadar pleno coñecemento de si, tampouco o poderemos posuír da palabra poética na súa ilimitada fecundidade.

Quen non vexa a poesía como unha arte da palabra palpitante, sempre considerará a forma como destino, da mesma maneira que un contenedista *avant la lettre* considerará a forma como meramente subsidiaria do contido. Mais o poeta debe ser mestre de equilíbrios e experto en sínteses, para así acadar o mellor dominio técnico e artístico, á vez que se impregna do máis amplo xermolar da vida.

Non é o mesmo un versificador que un poeta. O primeiro é un artesán da forma, unha persoa que posúe a destreza de crear estrofas e estruturas poéticas á marxe de toda palpitación do espírito, de todo alento poético, podendo chegar algúns sumamente habilidosos a versificaren, se quixesen, a guía telefónica, un informe da crise pesqueira ou a Carta Magna da Constitución. O verdadeiro poeta é o que posúe unha

vivencia poética do mundo, e transmítea en poemas que, segundo sexan os seus logros no aspecto técnico ou formal, e a transcendencia da súa cosmovisión poética, o converterán nunha voz relevante ou nun creador secundario, mais pode recoñecer que foi dalgunha maneira recibido no reino de Calíope e de Orfeo. Na Cidade das Ideas.

A inspiración —esa hiperconciencia, intuición extrema ou apaixonada lucidez— é algo que se dá en todos os homes. Son os poetas, e os artistas, e, dalgunha maneira, os homes de coñecemento —filósofos e científicos tamén— e incluso todos os homes que se entregan a un traballo non alienante e creativo, os que parecen convocar máis necesitadamente a súa presenza. As condicións de alienación de gran parte das persoas no tantas veces rutinario, estresante e angustioso traballo actual mata toda creatividade, anula toda chama, destrúe todo sopro. Quizais é que as musas retornaron ao Olimpo, abandonando para sempre os homes a unha vida canalla.

A lóxica do Mercado non é a da deriva íntima da cultura e da arte. Van Gogh non vendeu un cadro na súa vida. Un poema non ten valor, non ten prezo. É tan inútil e sagrado como o alento, o palpebrexo, o roce, o aire. A primeira edición de *As flores do mal*, en 1857, foi de cen exemplares. *A alegría* de Ungaretti, en 1915, de oitenta. Benditas flores inmensamente fértiles. Bendita alegría poética.

E Freud, de *A interpretación dos soños*, só vendeu uns douscentos exemplares durante os dous primeiros anos. E poucos máis nos anos sucesivos. E sen embargo a súa aportación significou un xiro copernicano en ámbitos esenciais da nosa civilización. Coa poesía acontece algo semellante. É unha semente lenta, pero profunda e indelével. ¿Inarrancábel?

A poesía nunca gozará de boa prensa para o Poder. Este só aceptará aquela poesía sometida, que lle poida facer o panexírico. O Poder sempre expulsará o poeta da Res Pública. Sempre temerá, ademais, ese Outro Lado, esa Vida Ausente, ese lado de Sombra que a poesía —tamén inmersión no descoñecido, no misterio e ata no irracional e abismático— rescata. A cidadela do Poder —acompañada dos seus acólitos, Usura e Razón Utilitaria— sempre tratará de vender o poeta como un louco, un perigoso, un “raro”, un pintoresco, un esfarrapado. Mais ese esfarrapado víngase —Rei Mendigo— coa posesión dun ouro *outro*, dun ouro non excremental nin mensurábel: a Palabra Núa, o verbo incesante ao servizo dunha das encarnaduras máis fecundas e vastas do real: a viaxe que



Friedrich von Hardenberg Novalis



John Keats

a poesía libera, e da que calquera poética só é un mínimo lampexo na platónica caverna das palabras.

Na liña de loita contra o home alienado e a necesidade de conversión do produtor-consumidor en verdadeiro cidadán, tense expresado con grande lucidez a poeta alemá Hilde Domin, ao analizar o perigo da “cousificación”, da metamorfose en cousa do home contemporáneo. Esa perda de nós mesmos, convertidos nun ente manipulábel, esa crecente atrofia do ser humano, “da que a autorrenuncia literaria é só unha variante”, segundo Domin, condiciona a existencia da lírica, poñéndoa en perigo, pero á vez potenciándoa, porque, loxicamente, é ese perigo que se cerne sobre ela e sobre todas as cuestións relativas ao individuo, un dos feitos que con máis evidencia alicerza a necesidade da lírica na época actual, pois a lírica “convídanos ao encontro máis sinxelo e máis difícil de todos os encontros: ao encontro con nós mesmos”.

Como ratifica Ernst Jünger nun dos seus contundentes textos, non podemos prescindir dos poetas, pois eles son os que “introducen a subversión e os que inician o derrocamento dos Titáns”.

Para Jünger, preocupado sempre polo crecemento do deserto nunha civilización na que as relacións humanas foron quedando baleiras, e na que esmorece a liberdade e libre realización da persoa singular, tanto a obra dos poetas como a súa existencia “pon de manifesto a inmensa superioridade do mundo das Musas sobre o mundo da Técnica”, pois o poeta, ese gran *emboscado*, axuda o ser humano a encontrar o “camiño de volta a si mesmo”.

Porque os científicos poderán voar, mais os poetas deben arar na condición cereal do mundo, no alento do carol, no humus da terra. Arar na rocha, mesmo. Porque iso é como arar na entraña do home. A poesía é procura de fundamento. O poeta, o científico e o filósofo aran paralela, complementariamente. Malia a que os seus pés teñan un compás distinto, ou vaian por distintos camiños, dalgunha maneira avanza cara a Ítaca ao mesmo tempo.

Certos científicos falan da posibilidade non desatinada de que se puidese producir a decantación, algún día, dunha teoría global. Quén sabe se, daquela, se haberá de comprobar que xa foi formulada, dalgunha maneira, por certas intuicións poéticas que, con ese estraño salto do misterio poético, a encarnaron en palabras que parecían soar a vaguidade, sinrazón, paradoxo ou estrañeza, mais só eran a encarnación da *lóxica superior* de que falaba Novalis.

Novalis afirmaba que o poeta comprendía a

natureza mellor que a mente científica. A verdade empírica, demostrábel, científica, debe acadar o seu acomodo nun ámbito máis amplo do horizonte humano, nun espírito en afinación íntima co mundo e coa vida. Nunha fusión plural, non reductiva. E aí agardan, entre outras, disciplinas como a filosofía, a ética, as artes, a música, a poesía...

A arte non segue unha liña de “progreso”. ¿O vasto poema *Homeros*, de Derek Walcott, supera *A Odisea* de Homero, Rilke a Juan de la Cruz, Neruda a Píndaro, Williams Carlos Williams a Leopardi, Seferis a Li Po?

Haí un punto de lúcida consciencia, de rara sacralidade e de maxia incesante e cordial ao que apunta a palabra poética. Por iso contacta coa ciencia e a filosofía, coa relixión e coa maxia. Mais a poesía non é reductíbel, nin secundarizábel, a calquera outra experiencia, razón, actividade. Pode servirse dos medios que for, ou prestarlles, en ocasións, cosmovisións e elementos expresivos, da súa propia bagaxe, mais o único ao que o poeta debe vasalaxe, en canto tal, é a poesía.

Cántas descubertas científicas, ou filosóficas, non terán sido realizadas tamén nun certo momento de inspiración, de iluminación ou intuición case poéticas. Non é doado acreditar que, en última instancia, alí onde se traballa sobre os confíns últimos do real, haxa unha distancia case irreductíbel entre o científico, o filósofo e o poeta. Desde logo, e de maneira incuestionábel, todo saber sempre ha de ser complementario. Ciencia, Filosofía, Poesía: tamén, unha certa Trindade.

A poesía non só é unha arte, senón unha ciencia do home. Do humano. Xa sostíña Novalis —na súa demanda dunha física espiritual— a crear polos homes futuros— que o poeta comprendía mellor a natureza que o cerebro científico.

Quizais non andaba en latitudes en exceso lonxincuas Emily Dickinson cando sinalaba:

*Era un poeta —ou sexa
alguén que atopa algún sentido sorprendente
para os significados ordinarios.*

Por iso non nos debe estrañar que Saint-John Perse, no seu discurso cando a recepción do premio Nobel en 1960, logo de citar a invocación de Einstein no sentido de que a intuición e a imaxinación eran o “verdadeiro campo de xerminación científica”, e de reclamar para o científico o beneficio dunha verdadeira “visión artística”, reivindicase para si a consideración igualmente lexítima do instrumento poético á

par do instrumento lóxico.

No fondo, como Saint-John Perse afirma, toda creación do espírito é, antes que nada, “poética” no sentido máis estrito, pois o misterio “é común”, e a grande aventura do espírito poético “en nada cede ás aberturas dramáticas da ciencia moderna”.

A poesía, e a ciencia, traballan nos “rumores dos límites” que Chillida definiu nun momento de excepcional intuición intelectual, poética e espacial. Alí inquiren ambos, como tamén o filósofo. O propio Saint-John Perse alértanos de que cando os filósofos desertan do “limiar metafísico”, sucede que “o poeta aí mesmo rescata o metafísico”.

Por iso o científico, o filósofo e o poeta se complementan. No fondo, a poesía é “vida integral”. E esa vida integral precisa de toda a entrega. De aí que, como sostén Saint-John Perse, se o poeta existía no home das cavernas, ha de existir tamén no home das idades atómicas. Porque o poeta é a parte irreductíbel do proxecto humano. Da aventura misteriosa e abraíada da vida.

Pódese lembrar tamén, ao fin desta consideración, a reflexión que sobre a beleza poética realizou no seu día Blaise Pascal:

Do mesmo modo que se di beleza poética, tería que dicirse beleza xeométrica, e beleza medicinal; pero non se di e a razón non é outra que se sabe con certeza cal é o obxecto da xeometría, baseado en probas, e o da medicina, que consiste na curación; pero non se sabe en qué consiste o encanto, que é o obxecto da poesía.


Un encanto —o da poesía— que, por outra parte, non deixa de residir tamén na súa virtualidade curativa, como teñen sostido numerosos poetas de todo tempo e espacio.

Un dos aspectos máis interesantes —entre outros moitos— que nos vai deparar a poesía no presente e no futuro é o da súa relación coa ciencia. Recentemente, Hans Magnus Enzensberger sinalaba que a separación radical entre ciencia e literatura que había no século XIX hoxe xa non existía. Que a ciencia substituíu á metafísica, que unha parte da intuición literaria emigrou cara á ciencia, e que os científicos estaban a inventar novos conceptos do mundo, “grandes metáforas como os buratos negros”. Por iso, para el, non é intelixente por parte dos poetas distanciarse dos principios científicos, sendo interesante “que uns e outros se miren”.

Edgar Morin sinalaba non hai moito que “o



Emily Dickinson



William Carlos Williams

descubrimento da nosa situación de desamparo nun xigantesco cosmos vén dos achádegos da astrofísica. Iso significa que hoxe é posíbel un diálogo entre ciencia e poesía, porque a ciencia nos revela un universo fabulosamente poético, sen deixar de redescubrir os problemas filosóficos capitais: ¿Que é o home? ¿Cal é o seu lugar? ¿Cal é a súa sorte? ¿Que pode agardar?”

Nos pasados días, na Coruña, o poeta Antonio Colinas abundaba neste tipo de reflexións ao constatar, no seu *Tratado de armonía*:

Ningún se estraña hoxe de que os científicos aludan ao “ruído das estrelas”, a “escoitar o espacio”, á “canción radioelétrica”, ao “zunido das galaxias”. Os poetas non o terían expresado mellor.

Hilde Domin afirmaba: “Creo que Hegel non tiña razón co prognóstico de que a ciencia pode substituír e substituír ao poeta”.

O home creativo —en todos os ámbitos— seguirá a camiñar, como o filósofo, como o científico, baixo o signo da incerteza. Xerando algunhas salvadoras, xenerosas, útiles, mínimas, impagábeis certezaas.

A complexidade do mundo contemporáneo require unha tensión creativa e de síntese que tal vez non sexamos quen de acadar. Pero quizais entre todos, area a area, gran a gran, tal vez cheguemos a dicir a resposta poética que o noso tempo demanda, aínda que só for un texto balbuciente, fráxil e fragmentario.

Porque toda realidade demanda —na esfera do humano— a palabra que a saiba construír e formular, por moito que se nos diga que a cultura da palabra entrou en crise, en aras de non se sabe qué novos deuses, qué novas sereas con trasfondo de epifanía, pero quen sabe se tamén de naufraxio se o fundamento dun *logos* verbal non alicerza en plenitude a realidade.

Quizais os poetas temos que dicir o dicíbel e o indicíbel. O indicíbel, facéndoo presente. O dicíbel, transfigurándoo nunha dimensión polifonicamente resoante.

O noso é un oficio de lóstregos e néboas, de revelacións e opacidades. Xa dicía Leopoldo María Panero que non sabía se era un cisne ou unha tomba aberta.

Entre a plenitude da epifanía e as fauces do naufraxio, a continxencia traza o ámbito de acción da nosa salvación pola palabra.

Sabemos, por Edmond Jabès, que así como o pensamento só pode ser salvado polo pensamento, e o amor polo amor, a poesía só o pode ser pola propia poesía.

Digamos, pois, como demandaba Paul Celan,

o noso dicir. E civilicemos —con Novalis— o divino, divinizando tamén o común e o cotián.

O poeta foi, é, e será, un terco supervivente. Só destruindo a nosa especie no seo da terra se poderá erradicar a mirada poética sobre as cousas e a urxencia expresiva que a poesía ergue da continxencia, da incomunicación e do silencio. Mentres o home non se convirte nun estraño mutante, ou na divagación letal dun mero obxecto, a poesía ten tanto futuro como pasado, aínda que o seu destino, quizais, haxa de estar sempre máis preto da heterodoxia e da disidencia, e incluso dos recantos e sotos da emboscadura, que dos olímpicos e fastos do poder, calquera que este sexa.

Se o home non chega a acadar a mera condición de mercancía ou utensilio, se non devala nel o palpito do corazón e tremor do desexo, a poesía seguirá a alentar como o verbo abraído que foi desde a orixe.

A poesía é necesaria.

María Zambrano, que deixou numerosas mostras da súa fascinación pola poesía, e da transcendencia que lle outorgaba na construción dun discurso “humano”, sostiña, nas deliciosas páxinas de *Claros del bosque*:


Nada habería que obxectar se por poético se entendese o que poético, poema ou poetizar queren dicir á letra, un método máis que da conciencia, da criatura, do ser da criatura que arrisca despertar deslumbrada e atarexada ao mesmo tempo.

A poesía ten *auctoritas* creativa, estética, intelectual e moral para responder aos meirandes retos do noso tempo. É unha indagación na máis cernal radicalidade do ser humano. O poeta é un Nemo das profundidades, unha Alicia a través do espello, un Orfeo descendendo aos infernos, un Ulises en eterna demarcación errática e viaxe de descubrimento nos territorios do descoñecido. O poeta pode casar, nas súas percepcións, a Wittgenstein con Juan de la Cruz, a Lao Tsé con Darwin, a Saussure con Freud. O crecemento do home non debe ser só no ámbito científico-técnico-productivo, senón no filosófico, estético e moral. E aí entra a poesía, en compañía doutras moitas disciplinas, coa súa capacidade de aprehensión e iluminación do mundo a través da palabra.


Para mellor defender a poesía, ¿haberá que adoptar a estratexia de pasaren os poetas á clandestinidade? A poesía e os poetas son fráxiles. Mais nada hai que non sexa esgazadoramente fráxil na realidade humana. Quizais o fráxil, cando todo o sólido se desvanece no aire, sexa

unha maneira de apuntalar o fundamental, o axial, o básico. Para construír, e civilizar, de novo, o humano.

Valéry dicía que debíamos excusar a Homero —debido á distancia— por non encontrarse esta tarde entre nós. Mais de todos modos deberemos estar atentos por se alguén chama á porta... Ese novo poeta, xove quizais, pode salvarnos mañá, reiniciando o auspicioso retorno deste nacemento inesgotábel. ■



Saint-John Perse



Paul Celan